

A prosa de fins do s.XX e comezos do XXI

A produción prosística destas décadas está vencellada ao proceso de democratización das institucións, á consecución do status de oficialidade da lingua e ao seu posterior proceso de normalización en todos os ámbitos de uso.

1. A narrativa posfranquista (1975-1979)

Desenvólvese o proceso de adaptación da narrativa á nova situación social e cultural. Conviven autores consolidados como Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor, obras editadas na diáspora e o experimentalismo da Nova Narrativa Galega, que comezara nos sesenta. Nesta etapa predomina a evocación das memorias infantís.

En canto aos autores, destacan:

.**Xosé Fernández Ferreiro**, autor de A morte de Frank González (1975), considerada o primeiro western galego, Morrer en Castrelo do Miño, Corrupción e morte de Brigitte Bardot. En 1991 gaña o Premio Xerais con Agosto do 36, novela que recupera a memoria da Guerra Civil.

.**Paco Martín** publicou No cadeixo, na que presenta o ambiente dunha vila mariñeira; E agora cun ceo de lama, con maior dose de experimentalismo e presenza do marabilloso; cultiva a literatura infantil e xuvenil con Das cousas de Ramón Lamote, coa que gaña en 1985 o Premio Nacional de Literatura.

Outros autores destacados desta época son **Anxo Adolfo Rei Ballesteros** (Dos anxos e dos mortos, Loaira, e máis recentemente Non sei cando nos veremos); **Xoán Ignacio Taibo** (Homes de ningures, Por tras dos meus ollos); e **Lois Diéguez** (A canción da vagabundo, A casa de Galiaz)

2. A narrativa dos oitenta

Moitas das novelas dese período xiran en torno aos certames literarios, de tal xeito que se fala da **Promoción dos premios**, na que habería que incluír autores como:

.**Víctor Fernández Freixanes**, dáse a coñecer con A caza das cascudas, coa que gaña o Premio Pedrón de Ouro en 1979; a última obra narrativa que publicou foi Cabalo de ouros (2010)

.**Xavier Alcalá**, o seu lanzamento prodúcese coa publicación de A nosa cinza e Fábula (Premio da Crítica Española), ambas de 1980. Na primeira delas, a través do protagonista, Xoán, presenta o tema da educación na posguerra nun ambiente urbano no que os conflitos ideolóxicos cobran unha dimensión simbólica. The making of (2018) é a súa obra máis recente.

Outros autores destacados son **Alfredo Conde** (Breixo, Memoria de Noa, Sempre me matan...); **Xosé Manuel Martínez Oca** (Un ano e un día, A fuxida, A chamada escura dos caborcos, Beiramar...etc).

Pero esta década é tamén salientable polo inicio de **novos subxéneros** dentro da novela galega como son:

a. A novela negra: cómpre destacar a **Carlos G. Reigosa** quen gaña o Premio Xerais en 1984 con Crime en Compostela, que marca o inicio da novela negra. En Pepa a loba recrea a vida desta histórica muller.

b. A narrativa feminina: destacan neste momento dúas novelistas, **María Xosé Queizán** (Amantía, A semellanza, Amor de tango) **Margarita Ledo Andión**, destaca polo seu activismo no feminismo e na política (Mamá – Fé, Trasalba ou Violeta e o militar morto e Porta blindada).

c. A narrativa experimental: vai ser **Suso de Toro** o principal cultivador deste tipo de narrativa, guiada polo vangardismo e a ruptura coa tradición e composta por textos fragmentarios que reflicten o caos que rexe na sociedade. (Caixón desastre, Polaroid, Land Rover. As súas obras posteriores son máis convencionais. Recentemente publicou Un señor elegante (2020).

3. A narrativa dos noventa

Neste decenio establécese de xeito definitivo o xénero novelesco dentro da literatura galega. Un dos feitos máis significativos desta década é a tendencia, xa iniciada nos oitenta, á diversificación xenérica, de xeito que ao lado dos xéneros da etapa anterior (novela negra), agroman outros, como son:

a. A ficción futurista, dentro del destaca **Ramón Caride Ogando** coa novela Sónos eléctricos, gañadora do Premio Blanco Amor.

b. A nova novela histórica: nesta década abandónase o tratamento alegórico da historia máis recente e tómanse episodios do pasado como pretexto para centrarse en temas psicolóxicos ou existenciais. Tamén cobra importancia a novela de aventuras, traballada por autores como Xosé Miranda en Mornig star.

Manuel Rivas, cunha liña novelística centrada no conflito entre a vida rural e a urbana, mesturando realismo e fantasía. O salto á popularidade produciuse en 1990 con Un millón de vacas. Posteriormente Os comedores de patacas. En salvaxe compañía. Máis recentemente publicou As chamada perdidas e Os libros arden mal, Vivir sen permiso e outras historias do oeste (2018)

c. A narrativa experimental: nestas obras porliferan os rexistros máis variados, códigos doutros xéneros ou doutras artes e multiplicidade de voces dentro da mesma historia. Nesta tendencia habería que incluír autores como Xelís de Toro, Xabier Queipo ou Xurxo Borrazás.

4. A narrativa infantil e xuvenil

Experimentou un notable avance nos últimos anos grazas á consolidación do galego no ensino e ao fomento de hábitos de lectura entre os rapaces. Cultivaron este tipo de narrativa algúns dos autores mencionados anteriormente e outros novos como **Agustín Fernández Paz** (As flores radioactivas, Cartas de inverno, Aire negro ou O único que queda é o amor, Premio Nacional de Literatura no 2006). **Fina Casalderrey** (Mutacións Xenéticas, O misterio dos fillos da lúa...), **Ledicia Costas**, **Andrea Maceiras** que levaron a nosa literatura xuvenil a unha altura nunca antes vista nin soñada.

5. Últimos narradores

Nos últimos anos continúaase traballando nos liñas narrativas iniciadas nos oitenta e consolidadas nos noventa polo que estamos ante un panorama moi variado en canto temas, formas e público.

Mantéñense novelistas anteriores como **Xelís de Toro** e prodúcese o boom de **narrativa de mulleres** que aínda sendo moi variada posúe algúns trazos comúns: protagonismo feminino, cuestionamento dos valores patriarcais e dos roles tradicionais, as relacións entre mulleres...**Rosa Aneiros**, **Teresa Moure** - Herba moura ambientada no s. XVI en Suecia e Ámsterdam-, **María Reimóndez** (O club da calceta), trata sobre a condición feminina na sociedade actual a través de seis protagonistas moi diferentes-, **Inma López Silva**, **Anxos Sumai**.

A partir do 2000 rexistramos a aparición dun novo subxénero, vinculado ás novas tecnoloxías: os diarios, os blogs, os “cadernos de bitácora” de Internet, como por exemplo Melodía dos días usados de **Anxos Sumai**.

A dificultade de agrupar e enumerar todos os autores e autoras, todos os xéneros e tendencias narrativas dos anos 80 e 90 e dos 20 anos quelevamos do século XXI, veñen a demostrar que temos unha das narrativas máis vivas, sas e prolíficas do noso país.